C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 30 DE MAIO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de maio do ano dous mil catorce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- Dª. Mª Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Paulino Rodríguez González.
- Dª. Mª Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- Dª. Carmen Mª Castro González.
- Dª. Mª de Fátima Iglesias Ferreira. que se incorpora cando se cita.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- Dª. Hortensia Mª Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- Dª.Carmen Gloria Fernádez Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- Dª. Hortensia García Díaz
- Dª. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. Miguel Angel Español Otero.

Actúa como Secretaria a da Corporación dona Julia Mª Carrasco González-Alegre, e a Interventora da Corporación, dona Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, e antes de pasar a tratar os asuntos que conforman o orde do día, o señor Alcalde comunica á Corporación o falecemento da nai o señor Españo Otero, que non asistirá á sesión de hoxe. Doutra banda, presenta e da a benvida á nova Interventora da Corporación, dona Ana Llorca Maneiro. Finalmente, fai entrega dos pins da Corporación ós concelleiros don Javier González Verde e dona Carmen Gloria Fernádez Ozores.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (Ord. 28/03/2014; Extraord. urxente 11/04/14; Extraord. 28/04/14).

A señora Estévez Alvarez non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso pide ó señor Alcalde que lle transmita ó señor Español Otero o pésame do BNG, e en relación coas actas non ten nada que dicir.

O señor Fontenla Martínez tamén quere trasladar o pésame do seu grupo ó señor Español Otero. Di que na acta de 28/04/2014 quere engadir que o PP tamén dixo que non podían votar a favor debido á redacción dos pregos.

Sometida a votación a **acta de 28.03.2014,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 11.04.2014,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 28.04.2014,** coas correccións indicadas , foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

O señor Fontenla Martínez dase por enteirado.

PUNTO 3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO PRESENTADO POR CONVERXENCIA GALEGA CONTRA O ACORDO PLENARIO DE INADMISIÓN DO RECURSO ÓS PREGOS DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno do Concello da Guarda, en sesión de 28 de marzo de 2014, acordou inadmitir o recurso presentado por dona Beatriz Estévez Álvarez, voceira do grupo municipal Converxencia Galega, contra os pregos de contratación da xestión da piscina municipal do Concello da Guarda, aprobados por acordo plenario de 24 de xaneiro de 2014, por extemporáneo, ó ser presentado con data 26 de febreiro de 2014, isto é, transcorrido o prazo dun mes legalmente establecido, contado dende a celebración da sesión plenaria na que se adoptou o acordo.

En data 21 de abril de 2014 (RE 2079) Converxencia Galega presenta recurso contra tal inadmisión, e visto o informe emitido por parte da secretaria do Concello en data 2 de maio de 2014 no que sinala que cando os prazos se sinalan en MESES non se computa un mes como 30 días hábiles, senón que se computan "de data a data", sendo a data de vencemento a do día correlativo mensual ó da adopción do acordo, isto é, o 24 de febreiro de 2014 (o recurso

se presentou por CONVERXENCIA GALEGA en data 26 de febreiro de 2014, fora do prazo legalmente establecido).

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

1.- Desestimar o recurso presentado por dona Beatriz Estévez Álvarez, voceira do grupo municipal Converxencia Galega, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello da Guarda en data 28 de marzo de 2014, de inadmisión por extemporáneo do recurso contra os pregos de contratación da xestión da piscina municipal do Concello da Guarda, aprobados por acordo plenario de 24 de xaneiro de 2014, dado que o recurso foi presentado fora do prazo legalmente establecido, xa que a data de vencemento era o 24 de febreiro de 2014 e o recurso se presentou por CONVERXENCIA GALEGA en data 26 de febreiro de 2014.

2.- Notificar o presente acordo á recorrente, cos recursos que procedan."

A señora Estévez Álvarez di que votará en contra.
O señor Lomba Alonso di que se van abster.
O señor Fontenla Martínez di que se van abster.

Sometida a votación a **proposta** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO PRESENTADO POR CONVERXENCIA GALEGA CONTRA O ACORDO PLENARIO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 11 de abril do ano dous mil catorce, acordouse a adxudicación do contrato da xestión do servicio de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda á empresa TRANSGALAICA.

En data 21 de abril de 2014 (RE 2079) Converxencia Galega presenta recurso contra " *a totalidade do contrato adxudicado no Pleno de data 28 de marzo de 2014, por ser contrario ós intereses da Facenda Municipal do Concello da Guarda*".

Visto o informe emitido por parte da secretaria do Concello en data 8 de maio de 2014 no que, tras analizar as alegacións presentadas, sinala que o citado recurso non se fundamenta en ningunha causa de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRX-PAC, e aclara que a adxudicación do contrato non se acordou na data sinalada por Converxencia Galega, senón en data 11 de abril de 2014.

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

1.- Desestimar o recurso presentado por dona Beatriz Estévez Álvarez, voceira do grupo municipal Converxencia Galega, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello da Guarda en data 11 de abril de 2014, de adxudicación da contratación da xestión da piscina municipal do Concello da Guarda, dado que non se fundamenta en ningunha causa de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRX-PAC.

2.- Notificar o presente acordo á recorrente, cos recursos que procedan."

A señora Estévez Álvarez di que votará en contra, non están de acordo.
O señor Lomba Alonso recorda que non estabn de acordo coa contratación,pero se van abster.
O señor Fontenla Martínez di que se van abster.

Sometida a votación a **proposta** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DA PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

(PROVIDENCIA DE INICIACIÓN)

Vista a memoria da concelleira delegada en relación coa contratación da xestión do servicio de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servicios públicos, a través de concesión, e resultando de gran interese a prestación deste servicio

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- INICIA-LA contratación da xestión do servicio de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servicios públicos, a través de concesión, por procedemento aberto, cunha duración dende o inicio da prestación do servizo ata a data na que finaliza a vixencia do Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe (en data 9 de xuño de 2029) e un canon anual de 7.000 euros.

A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo a instalación, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe, no Concello de A Guarda, que asumiu a súa explotación e o custo da conservación, mantemento e, no seu caso, mellora, mediante a licitación, contratación e execución das obras

necesarias a tal efecto, en virtude de Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe en data 9 de xuño de 2004, o cal xustifica a súa contratación.

2.- Solicitar a emisión de informes por parte dos servicios económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato."

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor da iniciación do proceso, esperan que os pregos sexan favorables e saia adiante o servizo.
O señor Lomba Alonso di que o BNG aposta por outra vía, polo que se van abster.
O señor Fontenla Martínez di que votarán a favor, esperan que os pregos sexan bos para todos.
A señora Magallanes Álvarez di que se trata do inicio do proceso, se elaborarán os pregos, se lles dará traslado ós grupos e as aportacións serán tidas en conta.

Sometida a votación a **proposta** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (trece votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

PUNTO 6º.- DAR CONTA DO DECRETO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DA GUARDA 2013.

O señor Alcalde da conta do Decreto 0299/2014, de 28 de abril, de liquidación do orzamento do Concello da Guarda de 2013.

A señora Estévez Álvarez pide que se lle aclare se está ben o cadro de dubidoso cobro, pois a lei no artigo 193 di que o cuarto e quinto ano haberá unha minusvaloración do 75%, e no cadro só aparece un ano.

A señora Magallanes Álvarez di que o Real Decreto Lexislativo e a Lei de Racionalización establecen uns mínimos que, a partir deste ano, son os mínimos que teñen que cumprir os Concellos. Fai referencia ós minimos de minoración dos dereitos pendentes de cobro de acordo coa nova lexislación e inisiste en que son mínimos, se queren poden minorar un 100%, aquí imos por diante.

A señora Estévez Álvarez pregunta se teñen pensado medidas de choque para que o remanente líquido de Tesorería non siga baixando.

A señora Magallanes Álvarez di que a nova Interventora se incorporou hai pouco, cunha liquidación pechada. Di que lles sorprendeu a eles esa cantidade, é unha cifra que está en observación e análise, e se correxirá. O propio informe de Intervención di que pode deberse a erros na contabilidade, polo que está sendo obxecto de estudo, e lei establece medidas a adoptar, esa cifra pode ser froito da transitoriedade. Se depurarán saldos de dubidoso cobro e débedas de acreedores, e adoptarán medidas para depurar esa cifra e as que sexan necesarias.

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 7º.- DAR CONTA DO DECRETO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO PADROADO MONTE SANTA TREGA 2013.

O señor Alcalde da conta do Decreto 0300/2014, de 28 de abril, de liquidación do orzamento

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 8º.-DAR CONTA DOS MARCOS ORZAMENTARIOS 2014-2017.

O señor Alcalde da conta do Decreto 0217/20014, de 31 de marzo, de aprobación dos marcos orzamentarios a medio prazo con referencia ó período 2014-2017.

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 9º.- DAR CONTA DA REMISIÓN DO ORZAMENTO PARA 2014.

O señor Alcalde da conta da remisión do orzamento para o 2014.

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 10º.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA Ó MINISTERIO CORRESPONDENTE Á EXECUCIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ORZAMENTO 2014.

O señor Alcalde da conta da información remitida ó Ministerio correspondente á execución do primeiro trmiestre do orzamento 2014.

A señora Estévez Álvarez pregunta o significado do apunte de Intevención na páxina 15, contestando o señor Alcalde que nos últimos tempos pasaron polo Concello catro Interventores, e a nova Interventora non se responsabiliza do anterior, e engade o Alcalde a cantidade de documentación que debe remitirse ó Ministerio.

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

(Abandona a sesión a señora LLorca Maneiro).

PUNTO 11º.- MOCIÓNS.

RE nº 2552 do BNG: Moción para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA A REVISIÓN DA FACTURACIÓN DO CONSUMO ELÉCTRICO MUNICIPAL

Exposición de motivos:

Existen numerosas reclamacións de numerosos concellos galegos pola facturación indebida da electricidade, polo que estes cobros indebidos se están a producir de forma xeneralizada en todo o país. Nalgúns casos a distribuidora eléctrica apllcou a tarifa diurna cando as institucións locáis contrataran a nocturna para o alumeado público, había facturas duplicadas, multiplicacións mal feitas, ausencia de contadores, cobros de tramos equivocados e moitos máis erros que o persoal técnico especializado detectou e que afecta gravemente as precarias economías locais. E o máis grave, mesmo se lles facturaban aos concellos por conceptos contrarios á lexislación eléctrica. Máis que de erros puntuáis, estamos a falar dunha estafa claramente organizada polas distribuidoras eléctricas.

Ante estas reclamacións, algunhas empresas subministradoras de enerxía pretenden devolver só a facturación cobrada indebidamente no último ano, xa que consideran os cobros indebidos como erros de lectura ou despistes administrativo, cando é evidente a estafa, pois chegaron a cobrar por conceptos contrarios á lexislación.

A Fegamp recoñece ter acumuladas queixas de máis de 130 alcaldes e alcaldesas por facturación excesiva do alumeado público. En abril de 2013, colgaba na súa páxina web a nova do inicio de conversas eos directivos das eléctricas na Galiza para por fin á situación de impotencia de alcaldes e alcaldesas, destacando a desproporción das facturas estimadas respecto ao consumo habitual, o ¡ncumprimento das tarifas contratadas e dos descontos acordados, a discrecionalidade das eléctricas para aplicaren a facturación mensual ou bimensual e o descontrol na emisión das facturas duplicando e remitindo algunhas que xa foran pagadas polos concellos.

A Fegamp, co obxectivo de amparar os concellos que tiveran que reclamar ou acudir a contenciosos, asinou o pasado ano un convenio coa Consellaría de Industria que non se aplicou "por problemas burocráticos", deixando os concellos só con apoio "moral".

Diferentes gobernos municipais de de todo o país, como por exemplo o de Pontevedra, están demandando que a compañía devolva os cartos que cobrou a maiores desde o ano 2009. Porén, a maioría dos concellos non teñen persoal suficiente para analizaren polo miúdo as facturas eléctricas, e moitas délas esquécense ou pásanse por alto.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.Iniciar unha revisión de todas as facturas emitidas pola empresa de distribución de enerxía eléctrica ao concello, cando menos desde o ano 2009, para detectar posíbeis erros e cobros indebidos.

2.Realizar un estudo para avaliar as condicións da subministración eléctrica e, de ser o caso, promover un concurso público para conseguir a mellor oferta de subministración.

3.Interpor as reclamacións oportunas contra a empresa, no caso de se detectaren facturacións indebidas, para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009.

4.Instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos ñas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar os concellos que tiveren que reclamar.

5.Instar á xunta de Galiza a que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos."

A señora García Díaz di que o Concello da Guarda é un Concello afectado.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

O señor Fontenla Martínez pregunta pola situación actual do Concello, pois igual as medidas dos tres primeiros puntos xa se adoptaron, e en relación cos dous últimos, a Xunta xa tomou medidas.

O señor Rodríguez González di que dende que chegaron tomaron todas esas medidas, houbo que devolver e corrixir facturas, lle solcitaron un vocado de facturas, primeiro anual, depois semestral e agora mensual, para fiscalizalas. En relación coa duplicidade, xa se detecta por Intervención. En canto ás tarifas, a tarifa de acceso é unha cousa e o prezo do kw/hora outra, polo que pide que se lle aclare. Doutra banda, non hai anomalía, e no terceiro punto se fixeron reclamacións. No punto cuarto, se puxo a disposición da FEGAMP e se devolveron as facturas. Insiste en que foi unha aposta do equipo de goberno dende sempre. En relación co segundo punto, se está facendo un estudo e se fará para sacalo a concurso. Está corrixido e se está fiscalizando factura a factura.

O señor Alcalde di que houbo problemas con FENOSA, porque a raíz dunha devolución se tiveron que facer recoñecementos e se detectaron duplicidades. Di que había un número indeterminado de pagos alzados, por número de puntos de luz, e se corrixiu para pagar por consumo.

(Neste momento se incopora á sesión a señora Iglesias Ferreira, 20:35 horas).

O señor Rodríguez González di que se viña pagando a duplicidade, por culpa do Concello, pois non se deu de baixa o tanto alzado. Sinala que a moción está chea de fundamento, pero pide que se corrixa,pois as distribuidoras non teñen que ver coa facturación, son as comercializadoras, e engade que non van votar unha cousa que xa están facendo.

O señor Alcalde di que están a favor do punto 4 e 5.

O señor Fontenla Martínez di que máis ou menos se están facendo as cousas, polo que se van abster.

A señora García Díaz acepta que a moción se vote por puntos.

Sometida a votación o primeiro punto da **moción** acadou o seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Non prospera.

Sometida a votación o segundo punto da **moción** acadou o seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Non prospera.

Sometida a votación o terceiro punto da **moción** acadou o seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Non prospera.

Sometida a votación o cuarto punto da **moción** foi aprobado co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Sometida a votación o quinto punto da **moción** foi aprobado co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

RE nº 2553 do BNG: Moción para solicitar a retirada do anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial.

(Sae o señor González Verde, 20: 45 horas).

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL

Exposición de motivos:

O ***Anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial*** que vén de ser difundido polo Goberno central reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía.

O sistema proposto decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para concéntralos en tribunais de instancia provinciais. Así, en liña coa reforma da administración local, o Goberno do Estado español empéñase en reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais ñas últimas décadas, para alen de ser un marco territorial e competencial alleo á realidade social e territorial da Galiza.

Esta concepción centralista do anteproxecto de lei pon de manifesto, máis unha vez máis, que a capacidade e competencia para deseñar o marco territorial da xustiza na Galiza deberá ser transferida ao Gobernó galego para poder realizar un deseño adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nosa nación. No caso da Galiza podería realizarse consonte o disposto no artigo **20.2°** do EAG, tendo en conta, ademáis, que a dotación dos medios humanos e materiais para o funcionamento dos órganos xudiciais se afronta eos orzamentos da administración galega.

Este anteproxecto de lei xerou alarma entre os/as profesionais do ámbito da xustiza, alcaldías, e na cidadanía en xeral porque o Goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adáptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital de provincia. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serian moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Lonxe de rectificar, o Gobernó español pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza, un proceso que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, así como concellos de dímensións relevantes que son cabeceíras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o que provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigará a cidadanía a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galicia cando é evidente que o camino non é o da redución de xulgados. De feito, no territorio galego precisaríanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos ñas últimas décadas para que, ademáis de mantérense os xulgados ñas cabeceiras de comarca existentes, se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos, e para se reforcen alí onde se detectaren deficiencias. Ao mesmo tempo, este anteproxecto tampouco resolve as disfuncións do actual sistema xudicial e a súa falta de adecuación á nova tipoloxía dos litixios.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Dirixirse ao Gobernó do Estado a fin de solicitarlle:

a)A retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que incide unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

b)O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais ñas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

2. Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:

a)Que manifesté a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.

b)Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.

c)Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conté con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Gobernó do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos."

O señor Lomba Alonso di que a moción ten máis sentido nunha comarca como a nosa.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que están de acordo en reivindicar que a lei teña en conta as especificidades e características poboacionais, económicas, sociais e o esforzo inversor para dotar das sedes xudiciais. Se van abster.

(Regresa o o señor González Verde, 20: 45 horas).

O señor Alcalde di que votarán a favor, se ben queren facer unha salvedade, pois non teñen inconveniente en votala, pero cando se reclaman para Galicia as competencias en materia de xustiza non sabe se ten cabida no actual Estatuto, e as veces reciben respostas ás mocións nese sentido por parte dos órganos competentes.

Sometida a votación a **moción** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

RE nº 2567 de Converxencia Galega:Moción sobre polígono industrial A Guarda-Rosal.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

" *POLÍGONO INDUSTRIAL A GUARDA—ROSAL*

Pouco antes das eleccións municipais do 1999, foi cando comenzouse a falar da construcción dun polígono industrial, para os concellos da Guarda e Rosal... transcorrido máis de 15 anos dende ese anuncio, pero para desgracia dos vecinos miñotos, o polígono industrial ainda sigue sendo unha proposta futurista que xa forma parte do "folclore electoralista local", que cada catro anos volta á luz, aparece nos folletos dos partidos, para logo desaparecer.

Tanto A Guarda como O Rosal necesitamos unha infraestructura, para acomodar as poucas industrias que temos, e dispor dun lugar axeitado para ubicar nun futuro novas industrias.

Nestes anos, na Guarda, e tamén no Baixo Miño temos asistido a unha forte perda de postos de traballo, no sector da pesca, na construcción, na industria, no comercio local,... Estamos no intre de poner elementos para parar esta sangría, en caso contrario en poucos anos asistiremos a un declive demográfico, social i económico, por non ter postos de traballo para os nosos vecinos, que estarán obligados a búscalos noutros sitios. Debemos lembrarlles, que hoxe entre a A Guarda e Rosal temos máis de 1.800 vecinos no paro,... nestes tres anos, moi poucas iniciativas houbo sobre este problema.

Por sorte, A Guarda é unha localidade onde ainda hai un importante tecido empresarial, profesional e laboral cualificado,... Dende *Converxencia Galega,* pensamos que debemos poner en marcha instrumentos e iniciativas para apoiar a todo este potencial laboral e industrial local. Sabemos que a área industrial Vigo-Porriño, na cal nos estamos próximos, nestes intres presenta certas carencias de dotación de solo industrial, carencia que nos vindeiros anos será máis notoria.

***Converxencia Galega* propon ó Pleno os seguintes acordos:**

Iº) Instar á Xunta que contemple unha partida orzamentaria no 2.015, dos séus orzamentos para continuar coa adquisición de terreos para o Poligono industrial entre A Guarda e Rosal.

2º) Instar á Xunta a ter unha partida nos orzamentos do 2.015; para que nos terreos xa adquiridos, que forman sobre un 35% da superficie total, licitando as obras de urbanización e acondicionamento deses terreos, para que sexan operativos no menor plazo posible.

3º) Facer traslado deste acordó, ós concellos limítrofes, para que se sumen a esta reivindicación."

O señor Lomba Alonso di que o BNG ten presentado propostas no Parlamento Galego a favor do polígono. Di que hai aspectos da moción que non sabe se coa crise que hai poden ser certos. Pide explicación do segundo punto, pois é complexo, e pregunta se esa adquisición se fixo de xeito homoxéneo e uniforme, pois un polígono é unha superficie ampla con certos servizos, e pregunta se a adquisición que ten agora a Xunta é suficiente para facelo de maneira axeitada.Di que el sería máis ambicioso, e se pregunta se se pode facer.En relación cos Concellos limítrofes, entende que será O Rosal, e pregunta se ese Concello está por este tipo de modelo. Sinala que o punto primeiro o teñen claro, que se habiliten partidas, pero que se faga. En relación co punto segundo, non lles queda claro.

A señora Estévez Álvarez di que o segundo punto o puxeron para que vaian empezando a facelo.

A señora Iglesias Ferreira di que a súa postura vai na liña do exposto polo BNG, se suman á petición, e o primeiro punto o teñen claro. Pregunta cal é a demanda a día de hoxe, e di que deberían instar ós empresarios a que o soliciten. En canto ó punto segundo, non o teñen claro, piden a CONVERXENCIA GALEGA que midan a redacción, pois non se entende ben. Entenden que Concello limítrofe só é O Rosal, e saben que hai que seguir uns pasos e apoian que o polígono sexa unha realidade.

O señor Alcalde pide que se aclare a referencia ós Concellos limítrofes, pois votarían a favor, pero recordan que saiu adiante unha proposta de CONVERXENCIA GALEGA para instalar un polideportivo, e depois dende arriba lles poden *"tirar das orellas".*Pide que CONVERXENCIA GALEGA defina o que quere alí. Di que compraron como puideron, houbo acordos con uns e con outros non, hai parcelas compradas e outras que non o están, e hoxe non podería executarse unha parte do polígono compacta, pois as parcelas están inconexas.

A señora Estévez Álvarez di que cando fala de Concellos limítrofes se refire a Tomiño, Oia e O Rosal, e di que non sabía da situación das parcelas, polo que retira o punto segundo.

O señor Alcalde di que eses Concellos son Concellos próximos, non limítrofes.

O señor Lomba Alonso di que o que non se pode facer é vir ós Plenos con mocións e vir sen os deberes feitos. A concelleira de CONVERXENCIA GALEGA non sabía se o 35% estaba xunto ou non, debería sableo, ou non traer a moción, hai que ser serios. Diríxese ó PP e di que os únicos culpables de que non exista polígono industrial A Guarda-O Rosal é o PP, deberían tirarle das orellas ós seus xefes e dicirlles que o fagan. A responsabilidade principal é do PP, non o queren facer. No caso de Tomiño é sangrante, non se quixo facer. Pide que as mocións veñan claras, e di que o PP ven con dobre moral.

A señora Iglesias Ferreira di que tampouco hai VAC por culpa do PP.

O señor Alcalde, en relación co punto 3º, di que poden reconsiderar mandalo a Tomiño, que pode despois públicamente sair na prensa dicindo que non o apoia ata que apoiemos o seu.

A señora Estévez Álvarez di que se remita a O Rosal e Oia.

O señor Alcalde aclara, polo tanto, que se suprime o punto 2º e que se remita a O Rosal e Oia.

A moción quedaría redactada da seguinte forma:

" *POLÍGONO INDUSTRIAL A GUARDA—ROSAL*

Pouco antes das eleccións municipais do 1999, foi cando comenzouse a falar da construcción dun polígono industrial, para os concellos da Guarda e Rosal... transcorrido máis de 15 anos dende ese anuncio, pero para desgracia dos vecinos miñotos, o polígono industrial ainda sigue sendo unha proposta futurista que xa forma parte do "folclore electoralista local", que cada catro anos volta á luz, aparece nos folletos dos partidos, para logo desaparecer.

Tanto A Guarda como O Rosal necesitamos unha infraestructura, para acomodar as poucas industrias que temos, e dispor dun lugar axeitado para ubicar nun futuro novas industrias.

Nestes anos, na Guarda, e tamén no Baixo Miño temos asistido a unha forte perda de postos de traballo, no sector da pesca, na construcción, na industria, no comercio local,... Estamos no intre de poner elementos para parar esta sangría, en caso contrario en poucos anos asistiremos a un declive demográfico, social i económico, por non ter postos de traballo para os nosos vecinos, que estarán obligados a búscalos noutros sitios. Debemos lembrarlles, que hoxe entre a A Guarda e Rosal temos máis de 1.800 vecinos no paro,... nestes tres anos, moi poucas iniciativas houbo sobre este problema.

Por sorte, A Guarda é unha localidade onde ainda hai un importante tecido empresarial, profesional e laboral cualificado,... Dende *Converxencia Galega,* pensamos que debemos poner en marcha instrumentos e iniciativas para apoiar a todo este potencial laboral e industrial local. Sabemos que a área industrial Vigo-Porriño, na cal nos estamos próximos, nestes intres presenta certas carencias de dotación de solo industrial, carencia que nos vindeiros anos será máis notoria.

***Converxencia Galega* propon ó Pleno os seguintes acordos:**

Iº) Instar á Xunta que contemple unha partida orzamentaria no 2.015, dos séus orzamentos para continuar coa adquisición de terreos para o Poligono industrial entre A Guarda e Rosal.

2º) Facer traslado deste acordo, ós concellos do Rosal e Oia, para que se sumen a esta reivindicación."

Sometida a votación a **moción,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

RE nº 2568 de Converxencia Galega: Moción de apoio á industria da floricultura, silvicultura e cultivo de planta ornamental.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"**Apoio á industria da floricultura, silvicultura e cultivo de planta ornamental.**

Nos anos 80 ponse en marcha unha nacente industria baseada na producción de flor,.. 30 anos despois, tanto na Guarda, como no Baixo Miño é un sector empresarial basado en empresarios locais, con tecnoloxia propia, redes de comercialización local, nacional e internacional propias, que xeneran +800 empregos, a maioría dos mesmos estables ó longo do ano.

O producto das empresas do sector da floricultura do Baixo Miño, teñen unha merecida fama internacional; os seus profesionais i empresarios tamén teñen un recoñecido prestixio. Nalgúns sectores productivos como o da camelia, somos todo un referente internacional.

Pero todo este saber facer empresarial, técnico, profesional, comercializador,... atópase cunha barreira fiscal que está a resultar un obstáculo, que pode tirar por terra todo este esforzo de moitas décadas, pcasionando o peche destas industrias, e a conseguinte perda de postos de traballo. Polos empresarios miñotos, sabemos que a barreira impositiva dunha IVA ó 21% ou 26% resulta unha importante traba, cando os nosos productores teñen que competir con empresas europeas, onde o IVA é reducido, don niveis medios entre o 5% ó 8%.

Debemos lembrar, que as frores e outras plantas ornamentáis, son elementos perecedeiros, tal que a súa vida de mercado non vai máis aló dos 10 días; é un producto que non pode ser almacenado durante meses e meses,... o seu período de vida comercial é moi curto.

Hoxe a relación empresarias e comerciais das nosas empresas venden en Orente Medio, USA, en toda Europa; compran flor en Colombia, Costa Rica, Thailandia,... xerando un volumen de 25 toneladas de frores por semana. Unha riqueza, que unha decisión administrativa e política do Gobernó Central está a poner en risco de desaparición.

Dende Converxencia Galega, vimos a propor ó Pleno do Concello a toma dos seguintes acordos en apoio ó sector productivo de floricultura e plantas ornamentáis do Baixo Miño.

I^{o}) Solicitar do Gobernó Central a reducción do IVA do 21% actual, a niveis similares ós que teñen outros países como Holanda ou Portugal, aplicando un tramo entre o 6% ó 8%.

2°) Solicitar do Gobernó Central unha reducción do IVA do sector comercilizador minorista (floristerías) que teñen un 26% de IVA; a niveis reducidos, por ser un producto perecedeiro e de curta vida comercial; aplicándolle un tramo reducido, similar ó do punto anterior.

3°) Dar traslado deste acordó Plenario ó Congreso dos Deputados."

A señora García Díaz di que votarán a favor, hai escasos días o BNG presentou unha iniciativa no Parlamento español que non prosperou, así como unha moción en Tomiño que sí foi aprobada polo Concello.

A señora Iglesias Ferreira di que apoiarán a moción.

A señora Magallanes Álvarez di que o Partido Socialista presentou o 17 de xuño de 2013 unha moción no Senad, tendente a baixar o IVE ó sector, e o PP votou en contra. Di que o 21 de novembro de 2013, se fixo unha batería de preguntas en Santiago e se presentou unha moción de armonización do IVE co aplicable no resto da UE. Sinala que no Baixo Miño o sector supón 500 empregos directos, un 70% do cal é feminino, e cunha producción de 50 millóns de euros. Engade que a esctructura e redacción da moción non lles convence, pero están a favor do seu espírito.

Sometida a votación a **moción,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

RE nº 2740 do BNG: Moción polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social, paralización dos desafiuzamentos e impulso dunha lei galega de vivenda.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

(Sae o señor Lomba Baz, 21:10 horas).

"MOCIÓN POLO DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, ALUGUEIRO SOCIAL, PARALIZACIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS E IMPULSO DUNHA LEI GALEGA DE VIVENDA

1-Exposición de motivos:

A crise económica e a carencia de leis que defendan o dereito constitucional das persoas a unha vivenda digna están a provocar miles de desafiuzamentos que constitúen un drama social sen precedentes.

A ausencia de controis públicos permitiulle á banca a concesión abusiva de créditos hipotecarios e moitas persoas afectadas pola crise virón como a voracidade bancaria embargou as súas vivendas e, por riba, continuarán a lie deber ao banco, porque entregar a vivenda -coa lexislación hipotecaria vixente que consolida os privilexios da banca- non supón eliminar a débeda. Compre lembrar que o sector financeiro recibiu miles de miilóns de diñeiro público para sanear a súa nefasta xestión, entre elas as consecuencias das súas aventuras na construción, que a burbulla inmobiliaria foi un dos factores da crise, e que goza de total permisividade pola ausencia de leis que impidan as execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras.

A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado, negando o dereito fundamental a un teito que acolla as persoas e permita que se desenvolvan socialmente. Por iso calquera desafiuzamento é simplemente unha agresión.

Os poderes públicos converten en papel mollado a Declaración Universal de Dereitos Humanos ou o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que

recoñecen, entre outros, o dereito de toda persoa a unha vivenda, e mesmo o artigo 47 da Constitución de 1978 estabelece o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

Hoxe, as galegas e os galegos, a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular referendada por miles de sinaturas, están a demandar do Parlamento de Galiza a aprobación dunha proposición de lei que contribúa a garantir na Galiza o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna e adecuada, fomentar o acceso universal a unha vivenda habitábel e a paralizar todos os desafiuzamentos no noso país, favorecendo o alugueiro social e impulsando unha lei galega de Vivenda que promova o uso das vivendas baleiras ou deshabitadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborde:

A paralización dos desafiuzamentos, así como favorecer o alugueiro social.

A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.

A expropiación das vivendas a bancos, filiáis inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.

A paralización inmediata dos desafiuzamentos e do estabelecemento opcional da dación en pagamento.

2. Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta Iniciativa Lexislativa Popular.

3.Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza."

O señor Lomba Alonso di que a moción foi solicitada por un colectivo de persoas que loitan por unha vivenda digna.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, pregunta a qué se refire o punto c) cando fala de persoas xurídicas, contestando o señor Lomba Alonso que non pode precisar, algunas fundacións ou asociación poden estar nesta situación.

A señora Iglesias Ferreira di que se trata dunha xusta petición, pero non son os Plenos, senón os cidadáns os que que deben asinar esa iniciativa.

O señora Alcalde di que votarán a favor.

Sometida a votación a **moción** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis votos en contra).

(Regresa o señor Lomba Baz, 21:13 horas).

RE nº 2741 do BNG: moción en demanda de políticas activas de emprego.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN EN DEMANDA DE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

1-Exposición de motivos:

Unha das prioridades fundamentáis da Administración é asegurar o dereito ao traballo de toda a cidadanía, e unha ferramenta chave nesta actuación son as Políticas Activas de Emprego. Nesta materia a Xunta de Galiza dispon da competencia de executar os fondos que o Estado español adxudica máis non a de distribuílos dentro dos tres paquetes que xa venen dispostos de Madrid: Formación, Emprego e Contratación e Modernización. Esta é a desculpa posta pola Xunta de Galiza para aplicar unha rebaixa dos fondos adxudicados para os Plans de Cooperación para o Emprego e Contratación até deixalos na ridicula cantidade de 113.000 euros para toda Galiza fronte aos aproximadamente 8 millóns do ano pasado.

As características únicas do noso país fan precisas unhas políticas axeitadas e deseñadas para a nosa realidade territorial, social e económica, polo que sería necesario reclamar competencias que permitan desenvolver actuacións que realmente contribúan á solución do problema do desemprego no noso país.

Ademáis os concellos disponen de vías como desenvolvementos urbanísticos de solo industrial ou parques tecnolóxicos, desenvolvemento de ordenanzas fiscais favorábeis para a implantación de tecido económico, programación de actuacións de formación e fomento do emprego a través de institucións e empresas públicas locáis, constitución de oficinas de desenvolvemento local e actividades de divulgación e visibilidade do seu territorio en eidos económicos, entre outras.

O certo é que a Leí 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local estabelece un marco competencial que, lonxe de ser claro, introduce innumerábeis dúbidas. Así, o proxecto de LeI galega de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor do anterior texto, na actualidade en proceso parlamentar, non parece solucionar, neste tema, as dúbidas xurdidas e mesmo pode chegarse a un escenario de colisión entre os dous textos, aínda que a invasión por parte da Leí estatal das competencias exclusivas de Galiza definidas polo seu Estatuto é flagrante.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.Solicitar da Xunta de Galiza que reclame perante o goberno do Estado español competencias exclusivas en materia de Fomento de Emprego e denuncie a intromisión inadmisíbel da Lei 27/2013 ñas competencias de Galiza definidas polo seu Estatuto en materia de Administración Local.

2.Solicitar da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Traballo e Benestar, que deseñe e pona en marcha un Plan de Cooperación para o Fomento do Emprego en todos os concellos de Galiza, coa dotacións orzamentaria suficiente, sexa reclamando os fondos ao Estado sexa coa achega de fondos propios da Comunidade Autónoma.

3.Reclamar a iniciativa do Concello para por en marcha un Plan de Fomento de emprego consensuado, horizontal, deseñado e dirixido ás capacidades e características do noso territorio.

4.Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español, grupos parlamentares do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados."

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo co Plan de Emprego, pois fai falta.

A señora Iglesias Ferreira di que a principal preocupación é o emprego, e recorda que na Xunta existen Plans de Fomento do Emprego, como tamén noutros Concellos. Pregunta, en relación co punto 3º, se foi solicitado polo Concello. Ademáis, di que a Xunta aprobou un Plan de Emprego Xuvenil, polo que non cren no argumentario do BNG.

O señor Alcalde di que, en relación co tema competencial, pode tropezar co marco competencial actual. En relación co punto 3º, di que o emprego é unha competencia impropia dos Concellos, hoxe saiu publicada a Lei da Xunta, sabe que hai Interventores que están reparando as nóminas de determinado persoal que presta servizos en competencias impropias, e o Consello de Estado sinalou recentemente que a Lei estatal pode ser inconstitucional, aínda que o Tribunal Constitucional non se pronunciou.Di que é vontade do equipo de goberno, na medida de que os cartos o permitan, crear unha bolsa de emprego, se ben dende Intervención poden dicir que non se axusta á lei.

O señor Lomba Alonso di que a Lei "Montoro" pode ser inconstitucional, e infumable tamén,e algún Alcaldes do PP estñan de acordo con isto, se carga moitas cuestión relacionadas coa autonomía, e pensa que o PP está deixando ós Plenos para instar. Recorda que o BNG levaba no seu programa o Plan de Emprego, na medida das posibilidades do Concello. Agradecen o apoio á moción.

O señor Alcalde apunta que dentro do GAC número 7 existe un proxecto de emprego do Concello da Guarda, que require o visto bó da Xunta, en forma de informe vinculante, foi solicitado hai meses e aínda non o teñen, e non saben que facer, pois na Xunta non se constituiron os equipos que deben facelo e así nos vai.

Sometida a votación a **moción** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis votos en contra).

RE nº 2766 do BNG: moción para demandar a rebaixa do 21% de IVE que se aplica ao sector de salóns de peiteado.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

"**MOCIÓN PARA DEMANDAR A REBAIXA DO 21% DE IVE QUE SE APLICA AO SECTOR DE SALÓNS DE PEITEADO**

1-Exposición de motivos:

O sector de peluquerías, entre outros, veuse prexudicado pola aplicación do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, acordado polo goberno do PP no Estado español, que modificou o seu carácter de sector beneficiado pola aplicación dun IVE reducido, pasando do 8% que se aplicaba até o desorbitado imposto do 21%.

Este sector, de importante actividade económica, xera moitos postos de traballo e posúe un gran dinamismo. Nestes momentos o sector encontrase lastrado non só polas consecuencias da profunda crise económica senón pola medida antisocial adoptada polo gobernó do PP de incrementar o IVE abusivamente, unha medida que as persoas deste ámbito laboral padecen desde hai case dous anos.

O BNG xa presentara no Congreso dos Deputados unha iniciativa o 11 de setembro do ano 2012 para manifestar a súa oposición a aquel incremento brutal do IVE no referido aos salóns de peiteado e agora, neste mes de marzo, volvemos novamente a manifestar a nosa oposición a esta medida e a demandar do gobernó do PP no Estado español a rebaixa do IVE. Facémolo tal como demanda o sector e as traballadoras e traballadores que se ven afectadas por este drástico imposto e que están a manifestar ñas rúas as súas protestas e a reivindicación de rebaixar o imposto do 21%.

A gravidade do feito está a provocar o peche de moitos estabelecementos, a perda de postos de traballo e a perda de clientes pola contención do consumo pola forte suba final do prezo ñas perruquerías.

As nefastas consecuencias económicas dése aumento porcentual do 13% do IVE nesta actividade xa levaron a persoas afectadas pola medida a manifestaren o seu malestar en varias cidades como A Coruña, Vigo, Lugo ou Ourense, coa entrega de sinaturas nas delegacións da Axencia Tributaria en contra do 21% do IVE.

O sector, desde o primeiro momento, tomou a decisión de asumir o IVE sen repercutilo na clientela, unha decisión que finalmente tivo o efecto perverso de provocar o peche de centos de salóns de peiteado e estética, coa conseguinte eliminación de centos de postos de traballo, que afecta ademáis a un sector formado na súa maioría por persoas

autónomas.

Este feito provocou tamén o aumento exponencial da economía somerxida e aqueles que aplican o desmesurado IVE do 21% acaban tendo graves problemas económicos, mentres crecen os negocios ¡legáis de ámbito doméstico. En resumo, hai que cuestionar a pretendida recadación por IVE, xa que por unha banda pechan estabelecementos e pola outra medra a economía somerxida.

Segundo os datos do sector, o pasado 2013 pecharon 8.000 salóns de perruquería e estética no conxunto do Estado español, e as previsións indican para este ano preto de 6.000 negocios.

Para alen disto, as ameazas que desprende o informe de reforma fiscal do chamado comité de expertos auguran o intento de novas subas do IVE de até o 23%.

Tamén hai que lembrar que o IVE reducido neste sector comezou a aplicarse con carácter inicial experimental e temporal no ano 2000, tras modificar a lei do Imposto sobre o Valor Engadido e, despois de sucesivas prórrogas, rematou por se converter en definitiva no ano 2010.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.Instar á Xunta de Galiza a que demande do gobernó do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de estabelecementos e a perda de miles de postos de trabado.

2.Trasladar este acordó ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do gobernó do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza."

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor, pois no Concello están sofrindo a crise.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor.

A señora Magallanes Álvarez di que apoiarán a moción.

Sometida a votación a **moción,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

<u>RE nº 2767 do BNG</u>: moción gratuidade dos libros de texto.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

"**MOCIÓN GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO**

1-Exposición de motivos:

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigoren 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrlgará o estudantado destes nlveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.
A CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito. Como denuncia un recente informe do *defensor del Pueblo,("o* Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuito do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuito debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo"J o curso pasado xa se produciu unha disminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.
O dereito fundamental á educación exixe que se deán conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explícitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademáis, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación. Entendemos que o carácter gratuito do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuito debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exixe medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo. Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrígatoria e gratuita. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuito".

Por tanto pedimos que o Concelo daGuarda exixa á Xunta de Galicia:

1.A volta ao sistema de préstamo universal.
2.Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se se utilicen no ensino público.
3.Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4.Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE"

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que deberían alomenos tender a desenvolver o programa de gratuidade solidaria, lles parece xusto, sobre todo coas familias que menos teñen.

O señor Lomba Baz di que votarán a favor, foi a medida máis axeitada do bipartito, se aforraron cartos. Cre que o sistema de préstamo funcionaba moi ben, o sistema actual cre que segue favorecendo ós mesmos, ós que necesitan vender libros. Debera ser un tema de estado, coa obriga de ponerse todos de acordo.

Sometida a votación a **moción** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

<u>RE nº 2768 do BNG</u>: moción para denunciar o atraso na tramitación de novas axudfas RISGA.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

(Sae a señora Fernández Ozores, 21:35 horas).

MOCIÓN PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA

1-Exposición de motivos:

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: *"Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social, lamen medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia."*

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e ¡ncumprimentos ñas tramitacións da RISGA e

da AES. Compre lembrar que a *Lei de Inclusión de Galiza* recolle o seguinte:

"Artigo 37. Resolución

1. *Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver."*

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465,000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se ponan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se estabelecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante as crise, converten en papel mollado os progandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todon iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza* que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2.Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

O señor Lomba Alonso di que non entendería que non se apoiara a moción, convida a que se fale con Servizos Sociais, os decretos e a Lei son ilexibles, os datos son desoladores. Di que a moitos dirixente políticos se lles enche a boca con que hai que cumprir a lei a raxatabla e aquí se está xogando coa vida da xente. Hai familias que non teñen nada, e un retraso no cobro dun

mes pode ser demencial, hai familias que precisan os básicos para vivir. Sinala que é de xustiza e hai que apoialo.

(Regresa a señora Fernández Ozores, 21:38 horas).

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que ten uns datos que non lle coinciden. A crise está tendo consecuencias dolorosas, se aumentou o orzamento, cunha ampliación de crédito, por iso os datos non lle coinciden. Sinala que a tramitación da RISGA depende da Xunta, dos Servizos Sociais dos Concellos e dos cidadáns. Dende a Xunta din que os Concellos o están tramitando, se está axilizando o tempo de resposta, se reforzou o persoal da Xunta. O resto dos datos non lles coinciden.

A señora Vicente Baz di que votarán a favor, non vai entrar en cantidades, na Guarda tardaban catro meses en resolver, e as de novembro chegaron en maio. Teñen solicitudes pendentes dende novembro e decembro sen aprobar nin valorar, a xente está esperando seis meses.

O señor Lomba Alonso di que os datos de pobreza ven de Cáritas Española, nada sospeitosa de ser nacionalista galega. Di que se a voceira do PP quere cuestionarse eses datos, Cáritas podería explicarle. Pide que se olvide dos datos e que se dea un paseo, e vexa a cara dos técnicos do Concello. Agracede que a concelleira de Servizos Sociais reforzara o que di a moción.Di que o PP se contradí, pois se di que a Xunta cumpre e o Concello cumpre, parece que lles bota a culpa ós cidadáns. A Xunta non está cumprindo coa lei, que se olviden de datos, é un tema de realidade social. Pensa que votar que non a isto, como persoa, lle parece lamentable, e se pregunta como o xustificarían ante os guardeses.

A señora Iglesias Ferreira di que ela non falaba de datos de pobreza, senón dos datos que tiña ela, contestando o señor Lomba Alonso que os sete millóns son de ampliación, cre que non leu a moción.

O señor Alcalde di que hai un dato obxectivo, que é o que acaba de aportar a concelleira de servizos sociais, e independentemente de que os datos coincidan ou non, apela a que o PP reconsidere o seu voto, pois sería digno da Corporación que esta moción tivera un apoio unánime.

Sometida a votación a **moción** foi aprobada co seguinte resultado:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).
ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

RE nº 2797 de Converxencia Galega: Moción non a desaparición do servizo de dermatoloxía no centro de saúde de Tui.

(Sae o señor Rodríguez Amenedo, 21.50 horas).

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"NON A DESAPARICIÓN DO SERVIZO DE DERMATOLOXIA NO CENTRO DE SAÚDE DE TUI

Fai uns anos, a consulta semanal de dermatología no Centro de Saúde de A Guarda, foi eliminada co "discurso" de optimizar os servicios, sendo desplazados o Centro de Coia a maioría dos pacientes da comarca do Baixo Miño.

Despois dos cambios anteriores, se mantivo o servizo dos mércores pola tarde, a que acudían un bó grupo +/- 40 pacientes, especialmente aqueles máis urxentes ou de tratamento prolongado dos concellos de Tui, O Rosal, Tomiño e A Guarda. Tamén se continuou levando a cabo crioterapia, biopsias e diversos controles sanitarios de diversos enfermedades vinculadas ca pel.

Agora, de novo, escomenzan a darse situacións de preocupación entre os usuarios, diante das aseveracións de que dito servizo desaparecerá o vindeiro 1º de Agosto para ser trasladado a Coia, cas consecuencias de incrementar os gastos dos pacientes polos desplazamentos e perdas de tempo, custes que son difícil de asumir por moitos dos/as pacientes dados os séus escasos recursos.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar o Pleno para o séu debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guarda, solicita que a Consellería de Sanidade manteña o Servicio de Dermatoloxía existe no Centro de Saúde de Tui, dada a repercusión económica e de perda de tempo que vai a provocar aos veciños/as de A Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui.

Dar traslado desta MOCIÓN os concellos sinalados no apartado anterior, así como tamén a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, a fin de que aproben a mesma e den traslado do Acordó ante a Consellería de Sanidade.

Facerlle conocer aos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego, a situación en que quedan os pacientes desta especialidade nesta comarca."

A señora García Díaz di que votará a favor.
A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor.
A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor.

Sometida a votación a **moción,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

(Regresa o señor Rodríguez Amenedo, 21.52 horas).

PUNTO 12º- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA

A señora Estévez Álvarez di que as presentará por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:

A señora García Díaz pregunta se a publicidade da piscina non debera ser bilingüe.
Ademáis, pide información turística en galego sobre o monte, pois non hai.

O señor Lomba Alonso pregunta polo estado do acordo sobre as contas con Novagalicia Banco, pois considera que o equipo de goberno debería precisar un prazo.
A señora Magallanes Álvarez di que se fixeron traballos, se pecharon as contas que podían pechar sen xerar disfuncións, e seguirán dando pasos para pechar o resto, contando agora con nova Interventora e a incorporación de nova Tesoreira.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP:

A señora Iglesias Ferreira di que as presentará por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás vinte e unha horas e cinconta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre